

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

**ASISTENTES:****PRESIDENTE**

Antonio Crespo Iglesias  
( Xefe Territorial)

**VOGAIS**

Amalia Elsa Pazos Pintos  
(Xefa do Servizo de Montes)

Xesús Santaló Ríos  
(Representante do Colexio de  
avogados da provincia)

X. Carlos Morgade Martínez  
(Representante das CMVMC de  
Pontevedra)

Lorena Peiteado Pérez ( Letrada da  
Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA  
CMVMC DE LIÑARES ( AS NEVES)**

Jorge Juanes Macayo López  
Raquel Novoa Gómez

**SECRETARIA**

Ana Belén Fernández Dopazo  
(Funcionaria  
adscrita ao Servizo Xurídico  
Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:00 horas do día 21/07/2021 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, mediante videoconferencia Antonio Crespo Iglesias, Xesús Santaló Ríos, Jorge Juanes Macayo López e Raquel Novoa Gómez e de xeito presencial os restantes membros, reúnese no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados " **Coutada** " e " **A Fontiña**", solicitados a favor dos veciños da **CMVMC do Liñares ( As Neves)**

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.** O 26/03/2019, a CMVMC de Liñares, parroquia de Liñares, concello de As Neves, solicita a clasificación como monte veciñal en man común (en diante MVMC) das parcelas "Coutada" e "A Fontiña" a favor dos veciños da parroquia de Liñares, provincia de Pontevedra:

Parcela: Coutada  
Referencia catastral: 36034A00501432  
Superficie: 1.011 m<sup>2</sup>  
Linde Norte: camiño público  
Linde Sur: camiño público e Eugenia Antos Estévez  
Linde Leste: camiño público  
Linde Oeste: Hermenegildo Gándara Gil e Luisa Soto Campos

Parcela: A Fontiña  
Referencia catastral: 36034A01700002  
Superficie: 524 m<sup>2</sup>  
Linde Norte: Eduardo Rodríguez Rocha e Abelardo Avelle Durán  
Linde Sur: Estrada Salvaterra-As Neves  
Linde Leste: María del Carmen Estévez Novoa  
Linde Oeste: Victoriano Avelle Alcántara, Steve e Jose e hermosa Souto Álvarez

Coa solicitude xunta a seguinte documentación:

- Correspondencia catastral do ano 2019 coa parcela do catastro de rústica de 1956. Cartografía do catastro de 1956.
- Gastos de amaño de lavadoiro do ano 1999-2000.
- Informe de validación gráfica catastral

Durante a tramitación do expediente achegan a seguinte documentación para acreditar o aproveitamento veciñal en man común por parte dos veciños da parroquia de Liñares:

- Requirimento da Unidade de recadación de débedas de menor contía da Agencia Tributaria do ano 2018
- Recibos a nome do MVMC de Liñares de imposto sobre bens inmobles e taxa de recollida de lixo do ano 2018 da referencia catastral 36034A00501432
- Recibo a nome do MVMC de Liñares de imposto sobre bens inmobles do ano 2018 da referencia catastral 36034A01700002
- Factura do primeiro pago da reforma da casa social da CMVMC de Liñares
- Factura de limpeza, desbroce e canalización do rego do lavadoiro comunal

**Segundo.** O 16/04/2019, o xefe da Sección de Topografía informa da posibilidade de identificación das parcelas "Coutada" e "A Fontiña". A parcela "Coutada" con referencia catastral 36034A00501432 cunha cabida de 1.001 m<sup>2</sup> e con dúas edificacións no seu interior. A parcela "A Fontiña" con referencia catastral 36034A01700002 de cabida 524 m<sup>2</sup> e cun lavadoiro no interior que desauga no regato de Xuliana. Asemade, as parcelas non se atopan clasificadas.

**Terceiro.** O 16/10/2019, o Xurado de montes acorda incoar expediente de clasificación das parcelas "Coutada" e "A Fontiña" e nomear instrutora a Amalia Elsa Pazos Pintos. Este acordo notifícase o 18/10/2019 á CMVMC de Liñares e o 21/10/2019 ao concello das Neves.

**Quinto.** O 03/01/2020, a xefa da Área de montes veciñais en man común emite informe preceptivo do Servizo de Montes:

- "Coutada" de 1.011 m<sup>2</sup> coincidente coa parcela catastral 36034A00501432*
- 1. Corresponde na súa totalidade coa parcela catastral 36034A00501432 a nome da comunidade de montes veciñais da parroquia de Liñares.*
  - 2. É unha parcela illada á que se accede por un camiño asfaltado. A parcela contén unha vivenda e outra edificación. Non está conectada co ningunha outra parcela catastral a nome da comunidade.*

*Está delimitada ao Norte polo camiño asfaltado polo que se accede, ao Leste e ao Sur por un camiño sen asfaltar, limpo de vexetación ao carón da estrada PO-415, e ao Oeste un cerre de pedras de granito e arame duns 2m.*

*3. A parcela encontrase limpa de vexetación, excepto no talude que a separa do camiño sen asfaltar onde aparece existe un pe de sobreira e arbustos do xénero cistus.*

*4. A comunidade arranxou estas edificacións para a alugar a vivenda ou para algún veciño que a necesite, segundo manifestación dunha veciña.*

*(...)*

*"A Fontiña " de 524 m<sup>2</sup> coincidente coa parcela catastral 36034A01700002*

*1. Corresponde na súa totalidade coa parcela catastral 36034A01700002 a nome da comunidade de montes veciñais da parroquia de Liñares.*

*2. É unha parcela illada á que se accede pola estrada PO-415, onde se encontra o lavadoiro. Non está conectada co ningunha outra parcela catastral a nome da comunidade. Está delimitada ao Sur pola estrada PO-415, ao Leste por vimbieiras e a Regueira Xuliana e ao Oeste por postes de granito.*

*3. A parcela contén un lavadoiro. No momento da inspección encontrábase desbarbada e sen vexetación.*

*4. Non existe outro uso distinto ao de lavadoiro."*

**Sexto.** O 17/02/2020, o Rexistro da Propiedade de Ponteareas certifica que as fincas das que se insta a clasificación non se atopa inscrita no Rexistro. Ordénase as anotacións preventiva no Rexistro da Propiedade de Ponteareas, notificase o trámite de audiencia, publícase edicto no concello de As Neves e no DOG o anuncio do 15 de xuño de 2020, do Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra, polo que se publica o acordo de inicio do expediente de clasificación dos montes Coutada e A Fontiña, a favor da CMVMC de Liñares, do concello das Neves (DOG núm,127, do 29 de xuño).

**Sétimo.** Dentro do período do trámite de audiencia non se reciben alegacións.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**Primeiro.** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**Segundo.** O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común:

*"Son montes veciñais en mano común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños".*



Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.

**Terceiro.** O uso ou aproveitamento en man común das parcelas "Coutada" e "A Fontiña" quedan suficientemente acreditado pola documentación achegada. Finalmente, o feito de que durante a tramitación do expediente non consten alegacións á clasificación como MVMC das parcelas "Coutada" e "A Fontiña", de terceiros que acreditasen un uso privativo destas parcelas, demostra que existe un aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños dos veciños da parroquia de Liñares, concello de As Neves.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, propónse pola instrutora e **o Xurado acorda** por unanimidade do seus membros:

**CLASIFICAR** como monte veciñal en man común **as parcelas "Coutada" e "A Fontiña"** solicitadas **a favor da CMVMC de Liñares, parroquia de Liñares ( As Neves)** de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito primeiro así como a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa



89

4659750

4659600

546600

546450

546300

546150



A fontiña.- 36034A01700002  
524 m<sup>2</sup>

Parroquia de Liñares  
Lugar de A Igrexa

Coutada.- 36034A00501432  
1.011 m<sup>2</sup>




Clasificación de Coutada e Fontiña

CMVMC de Liñares. As Neves

Pontevedra A3 1:1.500 (etrs-89)

30 Xullo 2021



546600

546450

546300

546150

4659750

4659600

Handwritten signatures in blue ink at the bottom of the page.

José Alberto Cousido Fernández, secretario do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra.

CERTIFICO:

Que na reunión celebrada por este Xurado Provincial o día 27 de novembro de 2024, deuse conta no punto 11º da orde do día da comunicación realizada pola CMVMC de Liñares (As Neves) relativa a adquisición con posterioridade a entrada en vigor da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, mediante o exercicio do dereito de adquisición preferente da parcela incluída no (Expte: AT24011).

Que na escritura pública de compravenda de data vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e tres, formalizada en Ponteareas polo notario Alvaro-Lorenzo Fariña Dominguez baixo o número de protocolo 605, descríbese a parcela da seguinte forma:

1).<Fontiña, labradío que mide cento setenta e un metros cadrados. Linda: Norte, regato; Sur, Maria del Carmen Estévez Novoa; leste, parcela 172; e Oeste, parte compradora e parcela 98. Correspóndese coa parcela 3 do polígono 17. Referencia Catastral. 36034A017000030000HU>.

O Xurado acordou por unanimidade dos seus membros integrar a superficie adquirida ao monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión do dito monte, así como comunicar ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inmatriculación ou os asentamentos de inscrición oportunos (artigo 57.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).

Expídese a presente certificación para que conste aos efectos oportunos.

Visto e praxe:

O Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de montes

Antonio Crespo Iglesias

sinatura electrónica





GOBIERNO DE ESPAÑA

VICEPRESIDENCIA PRIMERA DEL GOBIERNO

MINISTERIO DE HACIENDA

SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA

DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

# CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES DE BIEN INMUEBLE

Referencia catastral: 36034A017000030000HU

## DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

### Localización:

Polígono 17 Parcela 3  
FONTIÑA. AS NEVES [PONTEVEDRA]

Clase: RÚSTICO

Uso principal: Agrario

Superficie construida:

Año construcción:

### CULTIVO


Subparcela	Cultivo/aprovechamiento	Intensidad Productiva	Superficie m <sup>2</sup>
0	C- Labor o Labradío seco	01	171

## PARCELA

Superficie gráfica: 171 m<sup>2</sup>

Participación del inmueble: 100,00 %

Tipo:



Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del "Acceso a datos catastrales no protegidos de la SEC"